

1 Líder



0 0

UN DERBI SEN DONO

CD Lugo B e Rácing Vilalbés asinaron táboas nun encontro da Liga Galega cadete no que o principal ausente nas Gándaras foi o gol. Os capitalinos seguen en media táboa e os chairegos suman por segunda xornada consecutiva



4 1

DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL

O Lugo reencontrouse coa vitoria e os goles cun bo xogo na Cheda

Tras nove xornadas consecutivas sen gañar na máxima categoría do fútbol base nacional, os de Juan Subirán impuxéronse no derbi galego ao Rácing de Ferrol, sumando tres puntos cos que saen dos postos de descenso á Liga Nacional

LIGAS PROVINCIAIS

PARÓN A PRÓXIMA FIN DE SEMANA

As competicións provinciais de fútbol once e fútbol oito descansan pola ponte da Constitución, polo que volverán á actividade o 14 de decembro

PROVINCIAL INFANTIL

PRIMEIRA XORNADA CON SORPRESAS

O Provincial infantil xa está en marcha e arrincou con igualdade e sorpresas, tras impoñerse a Milagrosa ao Lugo B nas Gándaras e empatar a Sarriana na Cheda coa Residencia



Damián presionando a un dianteiro do Rácing de Ferrol



Óscar buscando unha opción de pase tras regatear a un rival



David Guitián encarando a un xogador departamental

O xogo e o marcador final foron esta vez da man co Lugo

TRAS NOVE ENCONTROS os de Subirán volveron á senda da vitoria na División de Honra

CD LUGO	4	1	RÁcing DE FERROL
Goles: Schuster, Vila, Gabarre e Ernesto			Goles: del Río
<p>LUIS FIDALGO LOSADA DAMIÁN VILA XABI Guitián GÓMEZ Martín PORTO SCHUSTER GABARRE Eloy SERGIO González INAKI BRAIS ANDRÉS ÓSCAR Ernesto RUBÉN David ALEJANDRO JULIÁN BORJA del Río DANIEL CARLOS</p>			

Árbitro: Iván Abel Bruzos Campo: A Cheda

O Lugo volveu á senda da vitoria na División de Honra xuvenil e fixoo ante un rival directo e impoñéndose con autoridade para saír dos postos de descenso.

As sensacións que estaban deixando os lucenses eran mellores do que indicaban as oito xornadas consecutivas sen gañar. De aí a que o partido ante o Rácing de Ferrol na Cheda tivese tintes de final pese a que aínda non se chegou ao ecuador da competición.

O Lugo volveu ser protagonista co balón desde

os primeiros minutos, nos que meteu ao Rácing de Ferrol no seu campo. Ademais de ter a posesión, os de Subirán foron verticais, polo que deron sensación de perigo desde os primeiros minutos con chegadas por banda e centros á área.

No ecuador da primeira parte o partido púxose de cara coa expulsión dun defensa ferrolán tras derrubar a Xabi Domínguez cando este encaraba só ao porteiro visitante.

Pouco despois chegou o un a cero, por medio de Schuster, e o dous a cero

antes do descanso que asinou Vila.

A primeira parte terminou con monólogo lucenses, xogando en campo rival con moita posesión de balón e evitando calquer amago de contra do Rácing de Ferrol.

Ao comezo da segunda parte Gabarre sentenciou o encontro co tres a cero. A partir de aí, o Lugo relaxouse e perdeu o control do xogo nun partido que se converteu por momentos nun correcales. A superioridade lucense fixo que buscasen a portaría rival asumindo riscos que tamén ocasionaron perdas e algunha contra dos departamentais.

Xa na recta final Ernesto fixo o catro a cero antes de que o Rácing de Ferrol pechase o marcador co definitivo catro a un.

Próxima xornada

O Lugo viaxa a Santiago para medirse co Conxo. Un conxunto que vén de gañar en Abegondo e que con 19 puntos é unha das revelacións do campionato.

3

VITORIAS O Lugo, que non gañaba dende setembro, volveu á senda da vitoria asinando o seu segundo triunfo na Cheda. Os de Subirán viaxan a Santiago para medirse cun Conxo que vén de gañar en Abegondo

5

GOLES SCHUSTER, que tras inaugurar o marcador ante o Rácing de Ferrol segue como máximo goleador do equipo, seguido por Gabarre con catro, que tamén marcou o pasado sábado na Cheda

2

XORNADAS para rematar a primeira volta da División de Honra xuvenil. O Lugo viaxa a Santiago na próxima cita e pechará a primeira volta do campionato ante o Perines na Cheda



Luis subindo o balón pola banda esquerda na Cheda



Villa medíndose cun rival tras un balón dividido

ÚNICA TIENDA ESPECIALIZADA EN FÚTBOL Y FÚTBOL SALA EN LA PROVINCIA DE LUGO

SOMOS FUTBOL

Tenemos los últimos modelos de botas y zapatillas de las mejores marcas

Trabajamos todos los tipos de suelas en tallas tanto de niño como de adulto

Salvador de Madariaga 3, local 8 (Lugo) · 604 03 64 24

O Lugo B segue cotizando á alza

OS DE BRAIS PRADOS adaptáronse ao fútbol directo poñéndose o mono de traballo para saír de Sinde cunha clara vitoria. Xa son catro partidos consecutivos sen encaixar gol



Árbitro: Marcos Pandín. Álvaro García e Raúl Acebo. Campo: Municipal de Sinde

O Lugo B segue cotizando á alza na Liga Nacional xuvenil tras impoñerse con autoridade ao Val en Sinde por cero a catro, encadenando desta forma o conxunto que dirixe Brais Prados a súa cuarta xornada consecutiva sen perder e sen encaixar gol, nas que sumaron 10 dos últimos 12 puntos en xogo.

Ante o Val o Lugo B tivo que cambiar o seu patrón de xogo. O rival e o campo esixían máxima concentración e contundencia nun partido que se esperaba

de fútbol directo e que se cumpriu.

As disputas e as segundas accións gañaron moito protagonismo ao longo dos noventa minutos e o Lugo B estivo sempre á altura.

Certo é que o cero a un, aos cinco minutos, axudou a ter o partido máis controlado. Pérez fabricou o gol cun centro que rematou ao fondo das mallas Brian para culminar unha contra.

Os lucense gañaron os duelos individuais e con iso foron gañando en confianza ata que Pérez subiu



Brian e Leandro, que marcaron no Val, perseguindo o balón

o cero a dous ao marcador mediada a primeira parte tras un pase de lago.

Antes do descanso, o encontro púxose aínda máis de cara para o Lugo B coa expulsión dun xogador local, polo que o Val afrontou toda a segunda parte

en inferioridade numérica e con cero a dous no marcador.

Lonxe de acomodarse o Lugo B monopolizou a segunda parte, na que tivo un goteo constante de ocasións. O cero a tres resistiuse demasiado pese a

360

MINUTOS SEN ENCAIXAR
 leva o Lugo B na Liga Nacional. Catro encontros consecutivos nos que non reciben ningún gol en contra

4

XORNADAS SEN PERDER
 nas que o conxunto que dirixe Brais Prados sumaron 10 dos últimos 12 puntos en xogo na competición

1

DEBUT NO ONCE INICIAL
 Rivas xogou de inicio o seu primeiro encontro esta tempada ocupando o lateral esquerdo da zaga albivermella

2

XOGADORES TOCADOS
 Asier e Samu tiveron que ser substituídos por molestias físicas ao longo do encontro disputado ante O Val en Sinde

que Juan Carlos, con dous remates desde dentro da área, e Manu cun disparo que se foi rozando o poste, estiveron moi preto de ampliar a diferenza.

Sen pechar o partido por completo, pero con sensación de superioridade ante un Val replegado e defendéndose como podía, sen ter presenza en ataque, os minutos fóronse consumindo ata que no noventa chegou o cero a tres, asinouo Mateo tras

unha asistencia de Juan Carlos, e xa no tempo de desconto Leandro fixo o definitivo cero a catro en Sinde.

Próxima xornada

O Lugo B recibirá a un Choco que se presenta na Cheda desde postos de ascenso a División de Honra, que vén de perder por un axustado un a dous ante o Deportivo e que dirixe un ex xogador do CD Lugo, Alberto Suárez.

RÁcing VILLALBÉS



Estado do terreo de xogo do Roca o pasado sábado pola mañá

SUSPENDIDO O ENCONTRO DO ROCA ENTRE O RÁcing VILLALBÉS E O UD OURENSE

O Roca pediu un paréntesis esta fin de semana ao atoparse o terreo de xogo moi encharcado polas fortes choivas que caeron nos últimos días.

Ante a imposibilidade de poder xogar cun mínimo de condicións, Rácing Villalbés e Unión Deportiva Ourense acordaron aprazar o encontro con antelación, polo que o conxunto ourensán xa non viaxou onte para disputar o encontro que se debía xogar a partir das 12:00 horas.

A falta de confirmar nova data para

o encontro, os de Cholas xa preparan o próximo partido de Liga no que se medirán en Nigrán ao Val Miñor B nun tramo de competición moi esixente que lles espera aos chairegos, xa que tras visitar ao Val Miñor B, recibirán ao Deportivo B no Estadio Roca, si as condicións climatolóxicas e o estado do terreo de xogo o permiten, antes de despedir o ano no derbi Provincial ante o Lugo B. Un encontro que se disputará no Campo Municipal da Cheda.

CADA LUNS TODA A INFORMACIÓN DO FÚTBOL BASE LUCENSE



Punto e final ao mal de alturas fóra da casa

PRIMEIRA VITORIA DO VIVEIRO A DOMICILIO ante todo un aspirante ao ascenso que recibiu aos celestes dende o segundo posto da clasificación



"POR FIN CONSEGUIMOS ROMPER LA MALA RACHA FUERA DE CASA, AHORA TOCA DISFRUTAR DE ESTOS TRES PUNTOS Y PENSAR EN EL SIGUIENTE PARTIDO" ANTONIO SERRANO - Viveiro

O Viveiro quitouse un peso de encima e fixoo ao grande tras sumar os tres primeiros puntos da tempada a domicilio ante un Boiro que levaba seis xornadas sen perder, que recibiu aos mariñas desde o segundo posto e que terminou encaixando a súa terceira derrota do curso.

Con só un punto dos doce en xogo lonxe do Marcos Gómez, o Viveiro presentouse en Boiro, onde o encontro empezou con intensidade, pero apenas sen presenza nas áreas ata que Diego Fernández volveu exhibir o seu estado de graza á media

hora de xogo. O extremo celeste, tras regatear a dous defensas, plantouse no man a man co porteiro local e subiu o cero a un ao marcador, asinando o seu sexto gol nas últimas cinco xornadas.

O cero a un deu moita confianza a un Viveiro que puxo terra polo medio no marcador antes do descanso co cero a dous por medio de Bruno, que tras gañarlle a partida á defensa local nun balón longo, definiu á perfección cun certo remate.



Xogadores e corpo técnico na xa tradicional foto de vitoria ao remate do partido

Esperábase a reacción do

Boiro na segunda parte, e esta non se fixo de rogar á vez que ao Viveiro púidolle un pouco a presión por sumar a súa primeira vitoria a domicilio, nun tramo inicial da segunda parte, no que tocou apertar os dentes e poñerse o mono de traballo sen balón, e os celestes estiveron de dez.

Mantiveron a renda no marcador ante a desesperación local co paso dos minutos, malia que o Boiro recortou distancias a dez do final. Tempo no que Pablo mos-

6

GOLES DIEGO

O extremo celeste asinou seis goles nas últimas cinco xornadas, tras marcar dous ante o Galicia Caranza e Rácing Villalbés B, e ante Bergantiños en Carballo e Boiro nesta xornada

trouse moi seguro e ata o Viveiro puido ampliar a diferenza á contra por medio de Cánovas e Richard.

Co asubio final do colexiado o Viveiro quitouse un peso de encima, asinando a súa primeira vitoria a domicilio ante un dos mellores equipos da competición.

OS MELLORES

VIVEIRO CF

TRASI	👤	👤	👤
BOIXET	👤	👤	
DIEGO	👤		

O gol séguese resistindo demasiado



O gol segue sendo a única asignatura pendente dunha Residencia que se mantén nos postos baixos da clasificación pese a competir mellor que a maioría dos seus rivais nesta Liga Galega xuvenil, na que os de Adrián Vázquez volveron

A RESIDENCIA asinou só 11 tantos nas 13 primeiras xornadas



Diego Revuelta co balón entre dous rivais en mediocampo

ser mellores que o Dumbria, pero os puntos quedáronos os locais.

A Residencia púxose o mono de traballo nun campo pequeno que obrigaba a realizar fútbol directo. En defensa os lucenses estiveron seguros, e en ataque xeraron moito perigo con contras nas que Lis monopolizaba o perigo

dunha dianteira na que debutou Borja como titular.

No mediocampo García e David levaron o peso do partido, e o propio David, cun remate ao poste, estivo a piques de inaugurar o marcador nunha primeira parte de superioridade Residencia pero que

OS MELLORES

RESIDENCIA

LIS	👤	👤	👤
GARCÍA	👤	👤	
DAVID	👤		

O fútbol foi moi inxusto co Villalbés B en Leyma

NO ÚLTIMO MINUTO chegou o 2-1, cando o Rácing buscaba con descaro os 3 puntos



"PARABÉNS A TODOS OS XOGADORES POLO TRABALLO REALIZADO AO LONGO DO ENCONTRO, PERO HAI VECES QUE AS COUSAS NON SAEN COMO UN QUERE"

IVÁN LAMAS - Rácing Villalbés B

O Rácing Villalbés B visitou ao Victoria B en Leyma nun partido que media aos dous últimos clasificados da Liga Galega xuvenil. Se un se queda co resultado final a sensación sería de que os de Iván Lamas naufragaron por completo, pero a sensación de frustración ao terminar o encontro pronto se converteu en satisfacción tras realizar un bo partido no que o premio do gol resistiuse, pero no que puxeron todo da súa parte para saír cos tres puntos en xogo.

Incluso esa ambición, xogando con defensa de tres os minutos finais en busca da vitoria, foi castigada co dous a un no último minuto do partido.

Ata entón, ao descanso mantíñase o cero a cero inicial nunha primeira parte dominada polos chairegos, pero sen contundencia nos metros finais.

Xa na segunda, Frutos evitou o un a cero, pero este chegaría cun remate desde dentro da área á hora de xogo. A partir de aí, carrusel de ocasións para o Villalbés B, aínda que tan só Miguel atopou o camiño do gol. Con empate a un o Rácing envorcouse en busca do gol da vitoria, con defensa de tres e xerando ocasións como un remate ao poste de López, pero sería o Victoria B quen se quedara con todo o botín en xogo co 2-1 no último minuto.

"O RENDIMENTO DOS RAPACES ESTÁ SENDO MOI SUPERIOR AO DOS RESULTADOS ACADADOS"

ADRIÁN VÁZQUEZ - Residencia

terminou co cero a cero inicial.

Na segunda parte, os lucenses foron de menos a máis. Fonseca revolucionou o ataque xerando moitas chegadas con perigo con centros que non atoparon rematador, ata que nunha acción illada, o Dumbria asestou un golpe moi duro co un a cero a falta de vinte minutos. Tempo no que lonxe de lamentarse, a Residencia buscou o empate con insistencia ata o último minuto, no que tiveron unha dobre ocasión cun remate de Fonseca ante o que se luciu o porteiro local cunha dobre intervención mandando o balón a córner, e tralo saque de esquina Lis volveu roldar o gol pero sen o premio final.

A posta en escena dilapidou as opcións do Lugo en Nigrán

O DOUS A CERO AOS 12 MINUTOS DE XOGO foi determinante nun duelo directo polos primeiros postos. Un penalti ao inicio da segunda parte puxo freo á remontada lucense



Árbitro: Gabriel Quinteiros. David Alonso e Adrián Molares. Campo: Condominguez, Nigrán

O Lugo visitou Condominguez, en Nigrán, para medirse co Val Miñor nun duelo directo polos primeiros postos da clasificación. Un partido que se presumía igualado, pero que se rompeu moi pronto co dous a cero co que se adelantaron os locais cando tan só se disputaran 12 minutos de xogo, o que propiciou que o Lugo

fose a remolque o resto do encontro.

O un a cero chegou tras un contragolpe e o dous a cero á saída dun saque de esquina. En ambas xogadas os lucenses pecaron de falta de contundencia, nun partido marcado pola ausencia dos centrais Manel e Álex.

O Lugo capeou o temporal con balón. Fixose



Juanma co balón controlado nun partido na Cheda

coa posesión e xerou varios centros sen atopar rematador, e Alesito tivo o dous a un nunha acción

na que o porteiro local luciese cunha impresionante parada. Na seguinte acción o Val Miñor ampliou

a vantaxe ata o tres a cero pero xusto ao bordo do descanso Xoel Irimia recortou distancias co seu primeiro gol da tempada, dando vida ao Lugo de cara á segunda parte.

Os de Dani Galán buscaron un gol que lles metese de novo na loita polos puntos e tiveron bos minutos con balón ao comezo da segunda parte, pero o Val Miñor cortou o amago de remontada cun penalti ao fin da hora de xogo, quedando o encontro visto para sentenza.

O Val Miñor quedouse co quinto posto en xogo neste encontro e o Lugo defenderá a próxima xornada na Cheda a sexta posición que ocupa con 21 puntos ante un Conxo Santiago que chega á cita con 20, tras perder esta xornada ante o Deportivo por un gol a tres en Santiago.

1º

GOL DE XOEL IRIMIA

O centrocampista albivermello estreou a súa conta goleadora esta tempada cun remate pegado ao pau co que o Lugo volveu a soñar cos puntos en Nigrán

2

AUSENCIAS

Os defensas centrais Manel e Álex non puideron participar, polo que Juanma e Unai formaron parella no centro da zaga ante o Val Miñor

4

XORNADAS para o remate da primeira volta, na que o Lugo se mantivo sempre nos primeiros postos da División de Honra cadete

O potencial local eclipsou ao Viveiro en Boiro

DE NOVO UN GOL NOS PRIMEIROS MINUTOS fixo que os mariñaos remasen contracorrente dende o inicio



Árbitro: Sergio Miguens Santiago

“EL EQUIPO COMPITIÓ AL MÁXIMO PERO ANTE EQUIPOS TAN SUPERIORES ESO NO NOS LLEGA”
 SERGIO IGLESIAS Viveiro

3

PRÓXIMOS PARTIDOS
 O Viveiro ten tres finais antes de despedir o 2019. Os mariñaos reciben a dous rivais directos coma o Calasanz B e o Estrada, e viaxan a Lugo para medirse co Lugo B no último derbi Provincial do ano

novo en posición ofensiva, o extremo buscou asociarse con Adrián, pero o Viveiro apenas tivo presenza ofensiva e o dous a cero, xusto antes do descanso, deixaba o soño dos puntos practicamente imposible de cara á segunda parte.

O Boiro exhibiu potencial e reafirmou a súa condición de aspirante ao ascenso asinando unha moi boa segunda parte na que o Viveiro dispuxo da súa mellor ocasión do encontro con tres a cero no marcador e un remate de Hugo ante o que se luciu o porteiro local.

Próxima xornada

O Calasanz B, cos mesmos puntos que o Viveiro, presentárase no Marcos Gómez a próxima xornada, antes de viaxar a Lugo para medirse co Lugo B e despedir o 2019 ante o Estrada, colista, en casa.

OS MELLORES

VIVEIRO CF

LUCAS	👍👍👍
VEIGA	👍👍
MARCOS	👍

Complicado encontro o que disputou o Viveiro ante un dos claros aspirantes ao ascenso como é o Boiro. Un conxunto que suma por vitorias os sete partidos disputados como local.

Ademais, o Viveiro volveu encaixar un gol nos primeiros minutos, co que

os de Sergio Iglesias, unha vez máis, tiveron que remarc contracorrente.

O un a cero chegou aos catro minutos, pero a partir de aí o Viveiro non lle perdeu a cara ao encontro. Con Lucas de

A Milagrosa xa mira aos postos de play off de ascenso

SEGUNDA VITORIA CONSECUTIVA A DOMICILIO para ascender ata a novena praza da clasificación



Árbitro: Daniel Barrera Lourido

“TRES PUNTOS IMPORTANTES PARA SEGUIR ACERCÁNDONOS A LOS PUESTOS DE ARRIBA”
 MADRILES - Milagrosa

4

EQUIPOS NO PLAY OFF
 de ascenso. Esta tempada o campión ascende directo sempre e cando non seña un equipo filial. Do segundo ao quinto, á marxe dos filiais, xogarán un play off de ascenso á División de Honra cadete, postos aos que aspira a Milagrosa

sión moi clara nada máis empezar, e aos once minutos Juan aproveitou un rexeite na área para inaugurar o marcador.

No medio do monólogo lucense, Rafa e Marco puideron ampliar distancias nun goteo constante de ocasións propiciado por unha efectiva presión en campo rival que desencadeou no cero a dous con disparo afastado de Diego Cabarcos.

Ao descanso chegouse con clara superioridade dunha Milagrosa que na segunda parte perdeu a sentenza en varias ocasións e terminou sufrindo tras recortar distancias o Rácing de Ferrol B a falta de cinco minutos,

nos que a vitoria lucense estivo máis en dúbida polo axustado do marcador que polas ocasións que xeraron os ferroláns.

Segunda vitoria consecutiva a domicilio para unha Milagrosa que tan só perdeu un dos últimos oito encontros disputados na Liga Galega cadete, competición na que xa miran aos primeiros postos que darían opción a xogar o play off de ascenso á División de Honra.

Os de Madriles plasmaron o bo momento polo que atravesan en Ferrol, onde tiveron unha moi boa posta en escena. Marco tivo unha oca-

OS MELLORES

MILAGROSA

MARCO	👍👍👍
HUGO	👍👍
JUAN	👍



Ayman e Vicente buscando un balón por velocidade



Rubén e Noel medindose polo balón ante Carlos



O chairego Miguel coa pelota presionado por Raúl

O gol foi o gran ausente no derbi Provincial


PARTIDO INTENSO E DISPUTADO, PERO SEN OCASIÓN CLARAS. Lugo B e Rácing Villalbés repatíronse o botín en xogo nas Gándaras na Liga Galega cadete

2

XORNADAS consecutivas puntuando o Rácing Villalbés, que sumou puntos en tres das últimas catro

5

ENCUNTROS despois, o Lugo B conseguiu deixar súa portaría a cero.



Árbitro: Adrián Fernández. Jorge Estraviz e Brais Piñeiro. Campo: As Gándaras

"DESTACO EL TRABAJO DEFENSIVO REALIZADO POR EL EQUIPO A LO LARGO DE TODO EL ENCUENTRO. EL CAMINO A SEGUIR DEBE SER CRECER A PARTIR DE MANTENER NUESTRA PORTERÍA A CERO" JANDRO NOVOA - RC Villalbés

de esquina do Rácing Villalbés, foi a acción ofensiva máis destacada dos de Jandro Novoa nunha primeira parte na que a peor noticia foi a lesión do porteiro capitalino Nacho, que tivo que abandonar o terreo de xogo na recta final do primeiro acto.

Tralo paso polos vestiarios, na segunda parte, foi o Villalbés quen tivo o vento en contra. Antón Méndez variou o sistema de xogo metendo dúas puntas ante o que respondeu o técnico chairego suscitando unha defensa de tres centrais replegados para saír á contra.

Co paso dos minutos o dominio do Lugo B foise incrementando ante un Rácing que non conseguiu meterlle o medo no corpo

aos capitalinos nalgunha contra.

Xa na recta final o Lugo B envorcouse en busca do empate, pero con máis corazón que cabeza para derrubar o entramado defensivo do Villalbés. Róber, Marco e Manel foron os que máis preto estiveron de romper o cero a cero inicial co que terminou o derbi Provincial.

Próxima xornada

Final para o Rácing Villalbés, que recibe ao colista no Roca, un Estrada que só gañou un encontro e que vén de perder por cero a dous ante o San Tirso, polo que será un partido vital, mentres que o Lugo B viaxa a Dumbria antes de recibir ao Viveiro nun novo derbi provincial.

OS MELLORES

RC VILLALBÉS

CRISTIAN

ALBERTO

JAVI

1

LESIÓN E REAPARICIÓN

O gardamallas do Lugo B, Nacho, tívose que retirar lesionado na primeira parte, e Sergio Díaz volveu a ter minutos no Rácing Villalbés tras varias xornadas ausente

Algunha chegada illada de Rubén e un disparo de Antón foron a bagaxe ofensiva do Lugo B nunha primeira parte na que un remate de Hugo no segundo pau tras un saque

Club Deportivo Lugo B e Rácing Villalbés citáronse nas Gándaras para disputar un novo derbi Provincial na Liga Galega cadete. Ambos equipos presentáronse á cita con senllas vitorias no seu último encontro, o Lugo B tras impoñerse ao San Tirso por cero goles a tres e o Villalbés tras estreir a súa conta de vitorias ante o Calasanz B no Roca, por iso é polo que ao final do derbi, ambos deron por bo o punto co empate a cero co que finalizou o encontro.

O vento e a choiva acompañaron ao longo dos oitenta minutos. Nos primeiros corenta o Lugo B tivo o vento en contra e o Villalbés suscitou unha presión alta para dificultar a saída de balón dos capitalinos e conseguirono.

A loita librouse no mediocampo, con moita intensidade e igualdade pero moi lonxe das áreas, polo que as ocasións chegaron a contagotas. Lugo B e Rácing Villalbés priorizaron non encaixar gol.



Hugo, do Rácing Villalbés, e Rubén nun balón dividido ante a mirada de Amado e Rosón



O albivermello Manu trata de controlar ante Hugo



Rosón controlando o balón en mediocampo



Raúl apurando o quencemento antes de saír por Nacho



Diego avanza con esférico ante a chegada dun rival



Raúl Ferreiros nun contragolpe albivermello



André trata de superar a un contrario no un para un

Un monólogo albivermello

O LUGO VOLVEU Á SENDA DA VITORIA CON BO XOGO nun encontro dominado de principio a fin, pero no que os de Joni tiveron que remontar o sorprendente cero a un co que se adiantou o Narón



Árbitro: Alberto Lago. Tania María Penabaz e Juan Luis Fernández. Campo: As Gándaras

O Lugo volveu á senda infantil tras catro xornadas consecutivas sen sumar

de tres en tres. Os capitálinos fixérono ademais recuperando as mellores sensacións, con bo fútbol e goles para remontar o sorprendente cero a un co que se adiantou o Narón ao comezo da segunda parte, na súa única aproximación á área do Lugo ata entón.

O partido foi un monólogo albivermello, con moita posesión de balón ante un rival moi relegado, coas liñas xuntas e que practicamente renunciou a ataque.

xerando centros desde a banda e disparos desde a frontal, sendo André o máis incisivo e o que máis preto estivo do gol na primeira parte, cun remate que sacou un defensa visitante sobre a liña de gol.

Ao descanso chegouse cun sorprendente empate a cero, pero aínda foi máis sorprendente o cero a un co que se adiantou o Narón aos seis minutos na primeira chegada aos dominios de Yago.

A partir de aí o guiñon cambiou, pero si o fixo

a contundencia nos metros finais por parte do Lugo.

Doce minutos tardaron os de Joni en empatar de novo. Jose aproveitou o rexeite do porteiro tras un disparo de Raúl Varela, asestando un duro golpe para a moral dun Narón moi desgastado fisicamente tras perseguir sombras ao longo do encontro.

O dous a un chegou tan só dous minutos despois, ao culminar Dani unha acción de André para poñer por diante a un Lugo que, cando culminou a remontada, relaxouse un pouco e

o Narón tivo dous contras, aínda que sen excesivo perigo, antes de que André puxese terra polo medio no marcador co tres a un ao asinar un golazo.

Dani sería o encargado de sentenciar o partido co seu segundo gol, este último tras un saque de esquina lanzado por Xavi que rematou no segundo pau.

O Lugo viaxa a Coruña a próxima xornada para medirse co Victoria, nun duelo directo por entrar no corte dos oito primeiros clasificados.

O Viveiro sae reforzado e cos puntos do Manuel Anxo Cortizo

XOEL FERRO, CUN HAT TRICK, asinou o triunfo ante un rival directo antes de recibir a outro, coma é o Bergantiños, na próxima xornada no Marcos Gómez



Xoel Ferro recortando a un rival ante David Díaz



Árbitro: Daniel Val Castro. Jacome Varela e Ángel Penal. Campo: Manuel Anxo Cortizo de Lalín

Hai vitorias que valen máis que tres puntos, e o Viveiro conseguiu unha delas no Manuel Anxo Cortizo de Lalín, onde os celestes se impuxeron cun hat trick de Xoel Ferro, nun partido do que os de Fidi saen moi reforzados.

Reforzado individualmente e como grupo, xa que practicamente todas as noticias foron boas nun encontro no que o Viveiro reaccionou á perfección sobre a marcha aos sobressaltos que tivo o partido. Tras uns primeiros minutos de tenteo, Xoel Ferro derrubou a porta sen

chamar nun gol marca da inicial no que Mateo volveu- lle a dar consistencia ao centro da defensa, os mariñaos apenas pasaron por complicacións defensivas nun partido marcado polo fútbol directo.

OS MELLORES SD VIVEIRO

- SAMU
- RAFA
- MATEO

chamar nun gol marca da inicial no que Mateo volveu- lle a dar consistencia ao centro da defensa, os mariñaos apenas pasaron por complicacións defensivas nun partido marcado polo fútbol directo.

14

PUNTOS leva o Viveiro nesta primeira fase, á que lle quedan catro xornadas. Os de Fidi arrincarian a fase pola permanencia nestes momentos con sete puntos no seu casilleiro

4

XORNADAS quedan por disputar nesta primeira fase, nas que o Viveiro recibirá nun duelo directo ao Bergantiños na próxima. Logo xogará o derbi ante o Lugo para rematar ante o Victoria na casa e o Deportivo en Abegondo

“TRES PUNTOS IMPORTANTES ANTE UN RIVAL DIRECTO QUE NOS DAN CONFIANZA PARA AFRONTAR OTRO DUELO MUY IMPORTANTE QUE TENEMOS LA PRÓXIMA JORNADA EN CASA”

FIDI - SD Viveiro



Con todo, cando parecía que se chegaría ao descanso co cero a un, chegou o empate tras unha acción illada do Lalín, pero o xerro de auga fría chegou tralo paso polos vestuarios co momentáneo dous a un á saída dun córner.

As dúbidas apareceron, pero estas despexounas o Viveiro con moita seguridade. Fidi suscitou unha defensa de tres para acumular máis xogadores en ataque. O plan saíu á perfección, xa que o Viveiro

meteu ao Lalín no seu campo e iniciou un asembleo de chegadas, centros e remates que desencadearon na remontada.

O empate a dous foi obra de Xoel Ferro, cun remate de cabeza e tres minutos despois o nove mariñaos o dous a tres con máis de vinte minutos por diante, xa que o colegiado engadiu seis de desconto nun final de partido que o Viveiro disputou cun xogador menos pola expulsión de Juan, pero de novo con defensa de catro, mantivo a vantaxe ata o asubio final.

CLASIFICACIÓN DOS MELLORES EN REGULARIDADE E GOLES

Trofeo Jorge Tato XUVENIL SUPERIORES			Regularidade XUVENIL SUPERIORES			 Pichichi CADETE SUPERIORES			Regularidade CADETE SUPERIORES			 Pichichi INFANTIL SUPERIORES			Regularidade INFANTIL SUPERIORES		
Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.
XOEL EJO	Viveiro CF	8	DIEGO	Viveiro CF	19	AYMAN	CD Lugo B	7	LUCAS	Viveiro CF	21	XOEL F.	SD Viveiro	13	MATEO	SD Viveiro	11
SCHUSTER	CD Lugo	5	LÓPEZ	RC Villalbés	18	FREIRE	CD Lugo	4	MIGUEL	Milagrosa	16	ADRI	SD Viveiro	10	XOEL FERRO	SD Viveiro	8
DAVID	RC Villalbés	5	XOEL EJO	Viveiro CF	15	LOMBA	CD Lugo	3	MARTÍN	RC Villalbés	12	ANDRÉ	CD Lugo	6	JAVI B.	SD Viveiro	8
GABARRE	CD Lugo	4	GARCIA	Residencia	13	BORJA	CD Lugo	3	JUAN	Milagrosa	10	JOSE	CD Lugo	6	NAIM	SD Viveiro	4
MANU	CD Lugo B	4	TRASI	Viveiro CF	12	HUGO	CD Lugo	3	CABARCOS	Milagrosa	9	DIEGO	CD Lugo	5	SAMUEL	SD Viveiro	4
GABRI	RC Villalbés B	4	DANI	RC Villalbés B	10	RAFA	Milagrosa	3	ALBERTO	RC Villalbés	9	DANI	CD Lugo	5	ÁLVARO	SD Viveiro	3
SPEEDY	RC Villalbés	3	SPEEDY	RC Villalbés	9	CABARCOS	Milagrosa	3	ADRIÁN	Viveiro CF	9	BRUNO	CD Lugo	2	DAVID A.	SD Viveiro	3
BUJÁN	RC Villalbés B	3	I. GESTO	RC Villalbés B	9	DIEGO	Milagrosa	3	HUGO	Viveiro CF	9	SAMUEL	SD Viveiro	2	RAFA	SD Viveiro	3
NOEL	Viveiro CF	3	CONDE	Residencia	9	CRISTIAN	RC Villalbés	3	DIEGO	RC Villalbés	8	RAFA	SD Viveiro	2	ADRI	SD Viveiro	2
BORJA	Viveiro CF	3	LIS	Residencia	9	BORJA	CD Lugo B	2	RAFA	Milagrosa	7	XAVI I.	CD Lugo	1	JUAN LIZ	SD Viveiro	2
ÓSCAR	CD Lugo	2	NOEL	RC Villalbés B	8	MANU	CD Lugo B	2	HUGO	RC Villalbés	7	RAÚL V.	CD Lugo	1	JAVI ILLÁN	SD Viveiro	2
SAMU	CD Lugo B	2	DAVID	RC Villalbés	7	PÉREZ	CD Lugo B	2	HUGO	Milagrosa	6	PEPE	CD Lugo	1	DAVID DIAZ	SD Viveiro	1
BRIAN	CD Lugo B	2	RARES	RC Villalbés	7	ANTÓN	CD Lugo B	2	AMADO	RC Villalbés	6	LUCAS	CD Lugo	1	XOEL P.	SD Viveiro	1
MATEO	CD Lugo B	2	LÓPEZ	RC Villalbés B	7	MIGUEL	Milagrosa	2	CARLOS	RC Villalbés	6	VILLA	CD Lugo	1	ARZA	SD Viveiro	1
GABRI	RC Villalbés	2	MIGUEL	RC Villalbés B	7	MARCO	Milagrosa	2	NOEL	RC Villalbés	6	DAVID DIAZ	SD Viveiro	1	-	-	-
NICO	RC Villalbés	2	GABRI	RC Villalbés	6	CARLOS	RC Villalbés	2	PABLO	Viveiro CF	6	XOEL P.	SD Viveiro	1	-	-	-
MIGUEL	RC Villalbés B	2	XAIRO	RC Villalbés	6	MENDAÑA	Viveiro CF	2	SERGIO	Viveiro CF	6	-	-	-	-	-	-
I. GESTO	RC Villalbés B	2	GABRI	RC Villalbés B	6	HUGO	Viveiro CF	2	VEIGA	Viveiro CF	6	-	-	-	-	-	-
YAGO	Residencia	2	DENIS	RC Villalbés B	6	ADRIÁN	Viveiro CF	2	BRAIS	Milagrosa	5	-	-	-	-	-	-
FONSECA	Residencia	2	DANI	Residencia	6	LUCAS	Viveiro CF	2	MARCO	Milagrosa	5	-	-	-	-	-	-
CONDE	Residencia	2	GÓMEZ	Viveiro CF	6	LUIS	CD Lugo	1	JAVI	RC Villalbés	5	-	-	-	-	-	-
YAGO	CD Lugo	1	ANXO	RC Villalbés	5	MANEL	CD Lugo	1	LEO	Milagrosa	4	-	-	-	-	-	-
MARTÍN	CD Lugo	1	JAVI	RC Villalbés B	5	ALESITO	CD Lugo	1	CRISTIAN	RC Villalbés	4	-	-	-	-	-	-
DAMIÁN	CD Lugo	1	ANIDO	RC Villalbés	4	BUIDE	CD Lugo B	1	MARCOS	Viveiro CF	4	-	-	-	-	-	-
GÓMEZ	CD Lugo	1	SANTI	RC Villalbés B	4	ROSÓN	CD Lugo B	1	BUIDE	CD Lugo B	3	-	-	-	-	-	-
XABI D.	CD Lugo	1	CANCIO	Residencia	4	ÓSCAR	RC Villalbés	1	NICO	Milagrosa	3	-	-	-	-	-	-
GUITIÁN	CD Lugo	1	DAVID	Residencia	4	NOEL	RC Villalbés	1	ANXO	RC Villalbés	3	-	-	-	-	-	-
ROSÓN	CD Lugo B	1	NOEL	Viveiro CF	4	MIGUEL	RC Villalbés	1	MANU F.	CD Lugo B	2	-	-	-	-	-	-
ASIER	CD Lugo B	1	BOIXET	Viveiro CF	4	MARTÍN	RC Villalbés	1	CRIS	Milagrosa	2	-	-	-	-	-	-
RODRIGO	CD Lugo B	1	BUJÁN	RC Villalbés	3	JAVI	RC Villalbés	1	ÁLEX G.	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
JAVI	CD Lugo B	1	NICO	RC Villalbés	3	ANXO	RC Villalbés	1	MIGUEL	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
HERRERO	CD Lugo B	1	ÁLEX	RC Villalbés B	3	JOSE	RC Villalbés	1	MARIO	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
CASTRÍN	CD Lugo B	1	BUJÁN	RC Villalbés B	3	JAVI	Viveiro CF	1	LOSADA	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
MARTÍN	RC Villalbés	1	YAGO	Residencia	3	PABLO	Viveiro CF	1	DAVID	Viveiro CF	2	-	-	-	-	-	-
MARÍN	RC Villalbés	1	ROI	Residencia	3	JUAN	Milagrosa	1	ROSON	CD Lugo B	1	-	-	-	-	-	-
ABEL	RC Villalbés	1	DE LA IGLESIA	Residencia	3	XOEL I.	CD Lugo	1	CRISTIAN	Milagrosa	1	-	-	-	-	-	-
ANIDO	RC Villalbés	1	FONSECA	Residencia	3	-	-	-	MIGUEL	Milagrosa	1	-	-	-	-	-	-
XAIRO	RC Villalbés	1	YOEL	Residencia	3	-	-	-	MARIO	Milagrosa	1	-	-	-	-	-	-
ABEL	RC Villalbés B	1	JUAN	Viveiro CF	3	-	-	-	MIGUEL	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-
LÓPEZ	RC Villalbés B	1	ASIER	RC Villalbés	2	-	-	-	JOSE	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-
SANTI	RC Villalbés B	1	PEDRO	RC Villalbés B	2	-	-	-	LUCA	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-
DANI	RC Villalbés B	1	RAÚL	RC Villalbés B	2	-	-	-	MARTÍN	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-
IVÁN	Residencia	1	DIEGO	RC Villalbés B	2	-	-	-	CARLOS	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-
DANI	Residencia	1	GABI	RC Villalbés B	2	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
CANCIO	Residencia	1	ADRI	Residencia	2	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
ROI	Residencia	1	JONI	Residencia	2	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
BORJA	Residencia	1	MARTÍN	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
DIEGO	Viveiro CF	1	EDGAR	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
TRASI	Viveiro CF	1	BOIXET	Viveiro CF	2	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
JORGE	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
JUAN	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-

CADA LUNS TODA A INFORMACIÓN
DO FÚTBOL BASE LUCENSE



FÚTBOL FEMININO LIGAS GALEGAS

O gol resistíuselle aos dous equipos da Milagrosa esta xornada

AS ALEVÍNS CAERON NA CORUÑA E AS INFANTÍS EN FRIGSA ante Obradoiro e Victoria respectivamente nas Ligas Galegas

O Vitoria D, lider con pleno de triunfos nas seis xornadas disputadas na Liga Galega infantil, exhibiu potencial en Frigsa o pasado sábado ante a Milagrosa. As lucenses, pese a competir ben, caeron por seis goles a cero ante un rival chamado a loitar polo título galego e que monopolizou a posesión do balón no Luís López Gorgoso.

Pola súa banda, o conxunto alevín de Liga Promesas viaxou esta xornada a Coruña para medirse con Obradoiro. nun partido dis-

putado de poder a poder pero no que as herculinas tiveron máis pegada nos metros finais no encontro disputado na Torre onte pola mañá.

Na próxima xornada o conxunto infantil mídese ao Umia, equipo que aínda non coñece a vitoria e que empatou dous dos seis encontros que disputou, mentres que as alevíns de Liga Promesas reciben en Frigsa a Narón. Ambos encontros disputaranse a fin de semana do 14-15 de Decembro.



Marta presionando a unha xogadora do Vitoria en Frigsa



Martina escondéndolle o balón a unha rival



Sara medíndose cunha rival en mediocampo

ALEVÍN FEMININO GALEGA	
RESULTADOS	
Calvo Sanz - Arzúa	6-1
Orzán - Victoria	1-4
Crendes - Victoria E	0-6
Narón - Silva	7-0
Obradoiro - Milagrosa	2-0

CLASIFICACIÓN	
Equipo	Pts X G E P
VICTORIA C.F. "E"	15 5 5 0 0
VICTORIA F.C.	15 5 5 0 0
ORZÁN S.D.	12 5 4 0 1
NARÓN O FREIXO "D"	9 5 3 0 2
A.D.C. OBRADOIRO	6 5 2 0 3
S.C.D. MILAGROSA	6 5 2 0 3
XUVENTUDE CRENDES	6 5 2 0 3
LUIS CALVO SANZ	6 5 2 0 3
ARZUA F.C. FEMININO	0 5 0 0 5
SILVA S.D.	0 5 0 0 5

PRÓXIMA XORNADA	
Arzúa - Obradoiro	Milagrosa - Narón
Vitoria - Calvo Sanz	Silva - Crendes
Vitoria E - Orzán	

INFANTIL FEMININO GALEGA	
RESULTADOS	
Umia - Valladares	2-2
Milagrosa - Victoria D	0-6
Interrias - Rosalia	1-2
Vitoria - UD Mós	4-0
Orzán - San Mateo	13-0

CLASIFICACIÓN	
Equipo	Pts X G E P
VICTORIA C.F. "D"	18 6 6 0 0
VICTORIA F.C.	18 6 6 0 0
ORZÁN S.D.	15 6 5 0 1
FEMININO ROSALIA	15 6 5 0 1
UD. MOS	9 6 3 0 3
S.C. SAN MATEO	4 6 1 1 4
S.C.D. MILAGROSA	3 6 1 0 5
C.D. VALLADARES	2 6 0 2 4
UMIA C.F.	2 6 0 2 4
INTERRIAS FEMININO	1 6 0 1 5

PRÓXIMA XORNADA	
Umia - Milagrosa	UD Mos - Orzán
Vitoria D - Interrias	Valladares - San Mateo
Rosalia - Victoria C	

14/15 1

DE DECEMBRO será a data na que os dous equipos da Milagrosa que compiten nas Ligas Galegas volvan á competición tralo parón da próxima fin de semana nas dúas categorías

VITORIA separa ás alevíns co corte dos catro primeiros clasificados, que disputarán o título Galego co catro mellores equipos que compiten no Grupo Sur da Liga Galega Promesas



Aldara, e Maria presionando a unha xogadora rival

CRÓNICA **PREBENXAMÍN**

O Corgo estará por primeira vez nunha fase final de fútbol 8

A FALTA DUNHA XORNADA o average particular favoréceos

Tres equipos poden rematar empatados a puntos no segundo posto do Grupo Sur A, dende o que se clasifican para o Provincial os dous primeiros. A falta dunha xornada Corgo conta con 12 puntos, os mesmos que Casás, que xa rematou a competición xa que descansa na última xornada, e Sagrado Corazón que ten 9 puntos. O último enfrontamento mide a Corgo con Sagrado, pero aínda de gañar os capitali-

nos terían que facelo por 34 goles, xa que o Corgo chega con máis 31 no average particular e o Sagrado con menos catro.

No Grupo Norte están clasificados Burela A e Villalbés A, no Sur B Lugo A e Piringalla A, mentres que no Sur C a Residencia A estará no Provincial e a outra praza será para a Milagrosa A, xa que o Lugo B non se pode clasificar ao estar tamén clasificado o Lugo A.

CRÓNICA **BENXAMÍN**

So falta un clasificado para pechar o Provincial benxamín

NO GRUPO NORTE Foz, Xove e Ribadeo optan a dúas prazas

Xa se coñecen sete dos oito equipos que disputarán o Provincial benxamín. No Grupo Sur xa está todo decidido a falta dunha xornada, que se disputará a fin de semana do 14-15 de decembro, tralo parón. Lucense A, Polvorín A, Milagrosa A e Piringalla A teñen asegurada a súa presenza como a teñen tamén Lugo A, Burela A e Villalbés A no Norte. Xa que logo só falta saber o

último clasificado deste grupo no que tres equipos optan a dúas prazas. Dependem de si mesmos Santiago de Foz, que si gaña ao Viveiro na última xornada estará clasificado, e Ribadeo A, que si fai o propio co Villalbés estará no Provincial. Un fallo destes dous equipos espera o Xove Lago, que ten que gañar ao Burela A e esperar que lle favorezan outros resultados.

CRÓNICA **ALEVÍN**

O Grupo Sur aínda ten tres prazas por decidir de cara á última xornada

ATA CATRO EQUIPOS teñen opción de clasificarse aínda

A falta dunha xornada para o final da primeira fase nas primeiras divisións, o Grupo Norte xa ten aos seus catro clasificados para o Provincial, pero no Sur a loita segue aberta. Con Residencia xa clasificada e co Lugo B, segundo pero sen poder entrar ao estar xa clasificado o Lugo A desde o Norte, Casás, Polvorín, Milagrosa e Sarriana optan a un dos catro pri-

meiros postos na última xornada. Casás e Milagrosa teñen un partido menos, que xogarán esta tarde a partir das 18:00 horas en Frigsa. Unha vitoria de Casás daríalle a clasificación matemática, mentres que si gaña a Milagrosa, tería pé e medio no Provincial á espera do que suceda na última xornada, na que non hai duelos directos.

CLASIFICACIONES PREBENXAMÍN PRIMEIRA PROVINCIAL

PREBENXAMÍN 1º NORTE					
RESULTADOS					
Stgo. de Foz - Ribadeo A	2-2				
Burela B - Burela A	1-2				
Villalbés B - Villalbés A	2-13				
CLASIFICACIONES					
Equipo	Pts.	X	G	E	P
SD PORTO BURELA "A"	22	8	7	1	0
RACING C. VILLALBES "A"	19	8	6	1	1
S.D. RIBADEO "A"	9	8	2	3	3
SD PORTO BURELA "B"	6	8	2	0	6
AD SANTIAGO DE FOZ	5	6	1	2	3
RACING C. VILLALBES "B"	1	6	0	1	5
PRÓXIMA XORNADA					
Stgo de Foz - Villalbés A	Burela A - Villalbés B				
Ribadeo A - Burela B					

PREBENXAMÍN 1º SUR A					
RESULTADOS					
CP Lucense - Corgo	1-10				
Sagrado - Ferroviaria A	1-6				
Abuin - Casás	0-7				
CLASIFICACIONES					
Equipo	Pts.	X	G	E	P
AD FERROVIARIA "A"	15	5	5	0	0
C.D. CORGO	12	5	4	0	1
C.P. CASÁS	12	6	4	0	2
ADC SAGRADO CORAZON	9	5	3	0	2
C.POL. LUCENSE	3	5	1	0	4
PIRINGALLA "C"	3	5	1	0	4
ATLETICO ABUIN	0	5	0	0	5
ÚLTIMA XORNADA					
Piringalla C - CP Lucense	Ferroviaria A - Abuin				
Corgo - Sagrado					

PREBENXAMÍN 1º SUR B					
RESULTADOS					
Piringalla A - Ferroviaria B	4-1				
CD Lugo A - Monterroso	10-0				
Milagrosa B - Polvorin A	4-4				
CLASIFICACIONES					
Equipo	Pts.	X	G	E	P
C.D. LUGO S.A.D. "A"	24	8	8	0	0
A.D.C. A PIRINGALLA "A"	18	8	6	0	2
A.D. FERROVIARIA "B"	12	8	4	0	4
S.C.D. MILAGROSA "B"	10	8	3	1	4
MONTERROSO S.D.	3	7	1	0	6
EF POLVORIN "A"	1	7	0	1	6
PRÓXIMA XORNADA					
Piringalla A - Polvorin A	CD Lugo A - Milagrosa B				
Monterroso - Ferro B					

PREBENXAMÍN 1º SUR C					
RESULTADOS					
Milagrosa A - Sarriana	9-5				
CD Lugo B - Polvorin B	15-0				
Piringalla B - Residencia	0-12				
CLASIFICACIONES					
Equipo	Pts.	X	G	E	P
SD RESIDENCIA	15	5	5	0	0
C.D. LUGO S.A.D. "B"	9	4	3	0	1
S.C.D. MILAGROSA "A"	9	5	3	0	2
S.D. SARRIANA	6	4	2	0	2
A.D.C. A PIRINGALLA "B"	0	4	0	0	4
EF POLVORIN "B"	0	4	0	0	4
ÚLTIMA XORNADA					
Sarriana - CD Lugo B	Polvorin B - Piringalla B				

2

12

GRUPOS disputarán a súa última xornada desta primeira fase trala volta do parón da ponte da Constitución. O Sur-A e o Sur-C finalizan este tramo da competición e os equipos clasificados volverán aos terreos de xogo tralas vacacións de Nada

ENCUNTROS DISPUTADOS d'E novo, os máis pequenos do fútbol base lucense plantáronlle cara ás adversas condicións climatolóxicas que acompañaron ao longo da fin de semana. Dos doce encontros previstos disputáronse todo nunha nova exhibición de ilusión para contrarrestar a chuvia e o vento



Sergio intentando quitarlle o coiro a Martin



O albivermello Pedro a piques de dar un pase ante Juan



Hugo, Iker e Sergio C. na celebración dun tanto



Abel pelexando polo coiro con Iker, do Corgo.

M. AUXILIADORA - PIRINGALLA C PREBENXAMÍN PROVINCIAL GRUPO A

10 xogadores en total 1ª equipación



Mateo e Manuel celebrando un gol do Polvorin



Samu conducindo o balón entre Mateo e Manuel



David, Piringalla, e Yeray perseguido o coiro



David a piques de controlar o balón ante Dani e Xian



Sergio C. e Leo perseguido o esférico

CLASIFICACIÓNS BENXAMÍN PRIMEIRA E SEGUNDA PROVINCIAL

BENXAMÍN 1º NORTE

RESULTADOS

RC Villalbés A – Viveiro A **7-0**
 Stgo. de Foz – Burela A **1-4**
 Xove Lago – CD Lugo A **1-6**

BENXAMÍN 1º SUR

RESULTADOS

CP Lucense A – Milagrosa A **1-2**
 Polvorin A – Residencia **6-3**
 Piringalla A – CD Lugo B **5-3**

BENXAMÍN 2º NORTE

RESULTADOS

Ribadeo B – RC Villalbés B **7-1**
 Viveiro B – Río Ouro **3-2**
 Burela B – RC Villalbés C **1-6**

BENXAMÍN 2º SUR A

RESULTADOS

CP Lucense B – Corgo **1-2**
 Sagrado B – Comercial **2-2**
 Abuin – Piringalla D **Apr.**

BENXAMÍN 2º SUR B

RESULTADOS

Ribeira – Ferroviaria B **10-2**
 Monterroso A – Piringalla B **3-3**
 Piringalla E – Sagrado A **0-7**
 Palas – Antas **Apr.**

BENXAMÍN 2º SUR C

RESULTADOS

Milagrosa A – Becerreá **Apr.**
 Ferroviaria A – Sarriana **1-6**
 Piringalla F – Polvorin B **2-8**
 Monterroso B – Piringalla C **4-7**

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts.	X	G	E	P
C.D. LUGO S.A.D. "A"	18	6	6	0	0
PORTO DE BURELA "A"	12	5	4	0	1
RACING C. VILLALBÉS "A"	9	5	3	0	2
AD. SANTIAGO DE FOZ	6	5	2	0	3
S.D. RIBADEO "A"	4	5	1	1	3
U.D. XOVE LAGO	3	5	1	0	4
S.D. VIVEIRO "A"	1	5	0	1	4

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts.	X	G	E	P
C.POL. LUCENSE "A"	15	8	4	3	1
EF. POLVORIN "A"	14	8	4	2	2
S.C.D. MILAGROSA "A"	12	8	3	3	2
A.D.C. A PIRINGALLA "A"	11	8	2	5	1
C.D. LUGO S.A.D. "B"	9	8	2	3	3
S.D. RESIDENCIA	3	8	1	0	7

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts.	X	G	E	P
S.D. VIVEIRO "B"	19	8	6	1	1
RACING C. VILLALBÉS "C"	17	8	5	2	1
A.D. RÍO OURO	16	8	5	1	2
S.D. RIBADEO "B"	12	8	4	0	4
RACING C. VILLALBÉS "B"	4	8	1	1	6
PORTO DE BURELA "B"	1	8	0	1	7

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts.	X	G	E	P
S.G. COMERCIAL	13	5	4	1	0
C.D. CORGO	12	5	4	0	1
SAGRADO CORAZÓN "B"	10	5	3	1	1
A.D.C. PIRINGALLA "D"	9	5	3	0	2
FONSAGRADA BALOMPE	3	5	1	0	4
ATLETICO ABUIN	1	4	0	1	3
C.POL. LUCENSE "B"	1	5	0	1	4

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts.	X	G	E	P
RIBEIRA FS	16	6	5	1	0
MONTERROSO S.D. "A"	13	6	4	1	1
SAGRADO CORAZÓN "A"	13	6	4	1	1
A.D.C. A PIRINGALLA "B"	8	6	2	2	2
S.D. ANTAS	7	5	2	1	2
A.D. FERROVIARIA "B"	6	6	2	0	4
PALAS C.D.	1	5	0	1	4
A.D.C. A PIRINGALLA "E"	1	6	0	1	5

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts.	X	G	E	P
PIRINGALLA "C"	16	6	5	1	0
EF. POLVORIN "B"	12	6	3	3	0
S.D. BECERREA	10	5	3	1	1
S.C.D. MILAGROSA "B"	10	5	3	1	1
S.D. SARRIANA	8	6	2	2	2
PIRINGALLA "F"	6	6	2	0	4
A.D. FERROVIARIA "A"	3	6	1	0	5
MONTERROSO S.D. "B"	0	6	0	0	6

ÚLTIMA XORNADA

Ribadeo A – Villalbés A Burela A – Xove Lago
 Viveiro A – Stgo. de Foz

PRÓXIMA XORNADA

Lucense A – CD Lugo B Residencia – Piringalla A
 Milagrosa A – Polvorin A

PRÓXIMA XORNADA

Ribadeo B – Villalbés C Río Ouro – Burela B
 RC Villalbés B – Viveiro B

ÚLTIMA XORNADA

Fonsagrada – Lucense B Comercial – Abuin
 Corgo – Sagrado B

ÚLTIMA XORNADA

Ferro B – Monterroso A Sagrado A – Palas
 Piringalla B – Piringalla E Antas – Ribeira

ÚLTIMA XORNADA

Becerreá – Ferroviaria A Polvorin B – Monterroso B
 Sarriana – Piringalla F Piringalla C – Milagrosa B



O laranxa Héctor e Samuel disputan o coiro ante Fabián



Martin Gil, Polvorin B, vaise por velocidade de Fabian



O laranxa Lucas trata de frear o avance de Jairo



Saúl, Ribeira, protexe o coiro presionado por Adri

RC VILLALBÉS B

BENXAMÍN SEGUNDA PROVINCIAL GRUPO NORTE

11 xogadores en total 1ª equipación



PLANTILLA

JOSE PEÓN	SAMUEL	NICO G.
NICO A.	LUCAS	JAIRO
IZAN	HUGO G.	HUGO C.
DIEGO	ADRIÁN	



Iker, Piringalla, entre os albigvermellos David, Alan e Andrés



O laranxa Pepe trata de roubarlle o balón a Andrés



Álvarez conducindo o balón seguido de David



Álex Pérez conduce o coiro ante a presión de Vera

CLASIFICACIONES ALEVÍN PRIMEIRA E SEGUNDA PROVINCIAL

ALEVÍN 1º NORTE	
RESULTADOS	
Mondoñedo A – Castro	8-1
RC Villalbés A – Viveiro A	5-2
Stgo. de Foz – Burela A	Apr.
Xove Lago – CD Lugo A	2-1
CLASIFICACIONES	
Equipo	Pts. X G E P
U.D. XOVE LAGO	15 6 5 0 1
PORTO DE BURELA "A"	13 5 4 1 0
C.D. LUGO S.A.D. "A"	13 6 4 1 1
MONDOÑEDO CIUDAD "A"	13 6 4 1 1
RACING C. VILLALBES "A"	6 6 2 0 4
AD SANTIAGO DE FOZ	3 5 1 0 4
S.D. VIVEIRO "A"	1 5 0 1 4
C.D. CASTRO	0 5 0 0 5
ÚLTIMA XORNADA	
Castro – RC Villalbés A	Burela A – Xove Lago
Viveiro A – Stgo. de Foz	CD Lugo A – Mondoñedo A

ALEVÍN 1º SUR	
RESULTADOS	
